

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA
TURISMO DE GALICIA E A OPC GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DO 32
CONGRESO NACIONAL OPC SPAIN**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia asinou o 12 de maio de 2020 con OPC Galicia_ Asociación de Organizadores Profesionales de Congresos de Galicia un convenio de colaboración cuxo obxecto era o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e OPC Galicia para a celebración do 32 Congreso OPC España 2020, na cidade de Santiago de Compostela entre o 20 e 22 de febreiro de 2020.

Que na cláusula sexta estableceuse que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención era desde a formalización do convenio ata o 1 de setembro de 2020.

Que o pasado 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19.

Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O estado de alarma declarado foi prorrogado co sometemento ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Prórrogas que alcanzaron ata o 21 de xuño de 2020.

A citada situación dificultou que a entidade beneficiaria reunise a documentación xustificativa establecida no convenio referido, así como a súa presentación no prazo establecido, motivo polo que se fai necesaria a modificación do convenio asinado no relativo á data de xustificación das accións subvencionadas, que debe ampliarse ao 1 de novembro de 2020.



Por estes motivos, acórdase celebrar a presente addenda co obxecto de modificar a cláusula sexta **e ampliar o prazo para a presentación da documentación xustificativa ata o 1 de novembro de 2020.**

A referida addenda se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

